

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZION

Na Cruña ó mes, 40 cts.
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PRAZA M.^a PITA, 17, baixo (Irmandade da Fala)

Número 99

A CRUÑA 5 DE SEPTIEMBRE DE 1919

○ PROFESOR JOSÉ JOAQUIN NUNES

Unha visita moi interesante

O Congreso d'Estudos Gallegos

Nos ten feito o grande honor de visitar a Irmandade da Fala, da Cruña o insigne profesor da Facultade de Letras da Universidá de Lisboa José Joaquim Nunes, horas despois de se pechar o Congreso "d'Estudos Gallegos".

Perto de duas horas pasou conversando c'un grupo d'irmaos o distinto escritor lusitano. Tíña este vivo desexo de recoller impresións directas do movemento nazonalista galego que oxe véñse seguindo en Portugal con atención grandísima.

E o Dr. Nunes saíu satisfeito da conversa que tivo con nosco. Púidose decatar do lóxico e serlo da nosa causa, así como dos puntos capitais da nosa ideoloxía que se conteñen en folletos, manifestos e números de A NOSA TERRA que levou para se enterar ben d'eles. Oferceu, endeben, encargarse d'unha páxina d'esta revista consagrada a literatura e ciencia portuguesas que escribirá él co'a axuda d'outros literatos da República irmá. Tamén leva o propósito de facer que algún xornal de Lisboa adique liñas frecuentes á nosa autuación.

○ doutor Nunes, da Cruña recolleu dúas impresións gratas con motivo do Congreso d'Estudos Gallegos. Unha o ouvir falar en galego ó señor Peña Novo, outra pol-o ter saudado en portugués o Sr. Carracido. Nengunha máis.

O que non se explica é que un Congreso d'Estudos Galegos poida ser feito en castelán. Isto lle causou un pésimos efecto. Cando nós o enteramos de que nos os señores que organizaron o Congreso, xa dou no *quid* de moitas cursilerías e ridicoleses. E se escachaba de risa, ríase a faltar, logo que nós lle dixemos que só co'a penna d'Eça de Queiroz poderíase describir a semana d'Estudos Gallegos.

Aquelas sesións cómicas, onde n'un grande salón, samente víanse por veces unha dúzida de persoas mal contadas, melo adormecidas algunhas, que despois d'escoltar a lectura d'unha ponencia nen siquer respondían cand'o presidente preguntaba:—¿Apróbase?, e o mesmo presidente, Xan Palomo, añadía: "aprobada por unanimidá",...

¿Que ían ser aqueles bós señores a representación pura da nova Galicia! Non, non; a nova Galicia—diciu o doutor Nunes—samente pode ser cousa da xente moza; de vostedes os

que levan ás súas Asambleas nazonalistas o Idearium orgánico e sustantivo d'un problema de raza e de futurismo.

—E de certo—lle contestámos nosoutros. Pol-os nazonalistas escamezouse a venda de libros portugueses na Cruña e n'outras cidades galegas. Pol-os nazonalistas galegos, oxe estúdase con atención en Cataluña e acá, entre nós, o Código civil portugués—en xeneral, como dixera Porteiro, moito millor feito que o castelán—no que se proba a nosa maior afinidá con Portugal que con Castela, xa que naquel trátase d'institucións tan propias de Galicia com'a *Compañía familiar*, das que o de Castela se non ocupa. Pol-os nazonalistas galegos, aténdese ó atlantismo e ó nazonalismo espiritualista de Teixeira Pascoees, facendo do *saudosismo* un nó trascendente. Sua excelencia—falamos—ben poido observar que en nengunha das ponencias do Congreso flameaba o mais pequeno idealismo; que todas ían ó ras do chao, dando a sensación d'estudos feitos por escravos d'un país colonizado. ¡Un verdadeiro Congreso d'Estudos d'Instituto de segundo ensino...! Nada luminoso, moderno e alto.

Tamén se lle fixo observar ó doutor Nunes que o fracaso do Congreso non víña samente do xeito pobre de tratá-os temas, senon d'outras cousas aínda. Foi un inmenso fracaso. Na sesión de clausura celebrada o domingo, ás doce da mañán, en tempo de festas, no salón relativamente pequeno d'unha sociedade popular que suma máis de mil socios, a metade dos bancos estaban baleiros. Inda co'a *reclame* dos xornaes e c'o atractivo de que ía falar Carracido, home con soa d'ourador nunca ouvido na Cruña, non acodiron ó *Circo* máis de trescentas persoas. ¡E deixando entrada libre...!

Estas razóns así espertas non tíñan de convencer ó ilustre profesor lusitano? Pois aínda se lle deron outras. A Universidade galega non mandou nengún catedrático ó Congreso. Delegou por cumprimento en dous de segundo ensino cruñeses. O Azobispado galego tampouco mandou nengún representante d'altura.

Cando se despeden de nós o doutor Nunes, díxo moitas veces: "sí, sí, quenes tendo unha lingua propia, irmá da nosa, a esquecencen, non'a cultivan e dignifican, empregándoa en actos culturais para dar exemplo ao pobo que a fala e que por culpa d'eles se sente rebaxado moitas veces falándoa, non deben pensar en

orientar a unha rexión. Son mortos espirituaes que camifian..."

Agora unhas impresións nosas, A sesión de clausura do Congreso de Picorete, ó xuído dun cultísimo señor qu'exerce un dos cárgos oficiaes da Cruña, foi unha festa de Xogos froraes cula raxía foi a señorita Cursilería. Pois se cursi coma de cote estivo Picorete—que endaxamais di nen a soma d'unha ideatan cursi estivo Carracido. Este señor pode ser un bó químico, mais como pensador e orador é ridículo. Ten tod'o reteridismo valeiro e pobre, todo parolista, dos homes políticos do noxento século XIX. E conta que unha boa parte do seu discurso foi repetición gramofónica d'outro que pronunciou fal un ano non lembramos onde. (Aquel paralelo, e para... lelos, histórico de Portugal e Hespaña) Para vergoña do Congreso publicárono os xornaes íntegro. O Sr. Carracido que só por ser galego merez o noso respeito, pois nada fora d'iso lle debe Galicia, *sobrevivese* á sua soa. Vello decadente, valeiro, resultou o símbolo millor da farsada d'Escudos gallegos.

E agora unha protesta. A cantos presenciaron a saída do "Circo", do Sr. Carracido, o alcalde, o gobernador, e Picorete, prodúxolles door a falta de galantería e d'hospitalidade tida p'aqueles señores, c'o doutor Nunes. Despois de ser él a nota de maior relevo do Congreso, a única d'interés, logo de tanto falar d'amistade entre Portugal, Galicia e mais Hespaña, metéronse no *landeau* do Concello, sen invitar a aquel ilustre profesor extranxeiro, membro da Universidade de Lisboa a que os acompañara. Ficou na rúa como un de tantos curiosos.

¿Com'o insigne doutor Nunes non tería de se dar conta d'esta incallíricabre postergación?

Mais ben sabe o doutor Nunes que naquel mesmo salón do "Circo", invitado e presentado pol-o cursi de Picorete dou fal tres anos unha conferencia Vicente Gay tratando, en castelán, da conquista *manu militari* de Portugal por Hespaña sen outras protestas que as de dous nazonalistas.

Sabe tamén o doutor Nunes que o venerable Murguía, e a Academia Gallega, declaráronlle a sua xusta hostilidá a este Congreso digno de ser descrito por Eça de Queiroz.

E sabe aínda tamén que o nazonalismo galego no seu Idearium considera a Independenza de Portugal com'a sua propia Independenza, pois só con Portugal libre pode aspirar Galicia á sua liberdade. ¡Que mal efecto lle produxo o telegrama de saúdo á Universidade de Lisboa feito en castelán!

Pol-o demais ¿cómo xusgar a un Picorete que ten cantos, sendo galego de nacemento, para vergoña de Galicia, adicados á hexemonía histórica de Castela sobr'as terras plinsulares.

PÁXINA HISTÓRICA DE CABANILLAS

ENTROQUES

Son merecentes de loubas os mestres de primeiro ensiño que pidirón que nas Escolas de Galicia s'adeprenda o galego coma melo pedagóxico necesario para poder logo saber ben o castelán.

Son merecentes de censura os poentes do tema ferrocarril, que silenciaron o da Costa, inventando o proxecto d'outro que deixaría illados a Ferrol, Ortigueira e Viveiro. Aqueles poentes coldaron, coma moitos cruñeses, que o ferrocarril da Costa beneficiará ó Ferrol con perxucio da Cruña. ¡Pois vaia unhas autoridades para un Congreso! Como non se falga o ferrocarril da Costa, aviada ficará a Cruña no porvire.

Ferrolans ¿que vos parece d'isto?

Ben é certo que un amigo noso dicía: este Congreso, feito por pacíficos habitantes da Cruña e por vaneantes forasteiros, non é de cousas galegas senón cruñesas. Coase todo n'él se podía para a Cruña. Observatorios, Laboratorios, edificios, Matadouro Industrial, ja biblia!

Contrastando c'o Congreso picoretelro da Cruña honbo un gran día galego en Pontevedra orgalizado pol-os enxebres coros que lle fixeron un homenaxe de xustiza a D. Perfeito Feljóo.

Cabanillas e Labarta Pose, léron poesías fermosas; Castelán e Lustras Rivas, director do xornal *La Concordia*, de Vigo, faloron no noso idioma.

Os coros deixaron ouviren lindas cántigas do pobo. Rematou a festa c'o himno nazonal galego.

¿Onde estaba a alma da terra, o sentir da terra, en Pontevedra ou na Cruña?

Na Cruña aldraxouse de xeito ridículo a sauta «rel» de liberdade galega.

E Picorete está pasando ás cuartillas d'unha novela bufa. Ese homúnculo de colo de palxarita que fala barbarizando sempre na lingua de Castela.

Tíñase anunciado que no Congreso d'Estudios Gallegos darían conferencias, D. Armandu Cotarelo, D. Salvador Cabeza, «Pizzicato», don Leonardo Rodríguez. E nengún d'estes señores veu nen dixo nada no Congreso.

De música non se falou nen miga, ¡Como xa todo era música celestíal! Nengun plutor, nen escultor nen arquitecto tampouco dixo nada sobre estas artes.

Hai anos que a diferenza do de Apuleyo, son enemigos das rosas.

A II Asamblea nazonalista

Axíña háse convocar a todol-os nazonalistas galegos a II Asamblea anual.

A primeira, que foi, coma sabedes, gorrlosa e inequiescente e tivo lugar en Lugo, aprobáronse conclusións luminosas.

A II, que inda non s'acordou onde ten de facerse, será moito mais importante que a primeira.

Daráselle un carácter xenunamente realista, atendendo canto se poida a orgalización.

Os membros do Directorio Nazonalista elixido en Lugo veñen trocando impresións sobre o asunto.

Tamén veñen pensando na conmemoración do primeiro aniversario da morte do gran irmán e guía Lois Porteiro Garea que compre o 27 do mes d'Outono.

Os suevos, nosos lonxanos abós, dos que levamos na carne felxes de frebas, nos ósos centos de rachas e na alma milleiro de rayolas alumeantes, foron noutros tempos, por arriscados, conqueredores e varados, o pasmo do mundo guerrelro que era todo o mundo concido.

Tíñan o pelo ben trabado, a mirada valente, a cabeza ergueita e a voz dura, levaban en trenzas os longos cabelos, eran brancos como albas neves e cobrián os corpos varlles con pelexas de carneiro. Dio quen-o sabe.

Adouraban ó sol porque miraban ó ceo; porque eran fortes, solenes e humanos, sentían relixiosa admiración pol-os penedos outos, as agoas fondas e os árbores xigantes de ponlas abertas e follaxe espeso, e porque sabían que a vida é o misterio en camión, ergúan os seus cantos pregadores diante da lúa chea e falaban c-os mortos nas xuntas das corredoiras, o medial-a altanotte, baixo o segredo do ceo estreleido.

Os que entenden de historias vellas contan que eran rexos na loita, firmes nos xuramentos e garimpos na paz, e poñen por remate que o verbo *suevo* vale o mesmo que *home libre*. ¡Ou acedas, sangrantes ironías! Quén no-lo habla de dectr. galegos d-oxel!

O certo é que, para xuzgalos, datan d'entón dúas líñas mais de apreco que unha morea de centóns.

Unha delxónna César: é esta nobre tenda de blasón: *Soio os dioses inmortalis acertarán a vencerlos*.

Outra, d-eles, d' toda a súa inquietude tráxicamente serena: *Imos onde nos levan as iras do ceo*.

E pois, mandados d'arriba, catro sigros eran ajudados, botando a conta dende o día que Noso Señor veu ó mundo, cando das terras veciñas do Danubio e do Rhin chegaron os lindeiros da Galicia.

Víñan co-as pelexas escalasadas, os cabelos soltos ó aire, as espadas e as mocas cheas de sangue callada, a pé e sin afeitarse ¡os tempos e a ocasión non daban para mais! e, detrás d-eles, camiñaban as mulleres, os fillos e os gandos.

Pousaron dende o Douro ó Miño, ergueron as tendas, cubríndoas de ponlas verdes, desfizeron o señorío de Roma ¡benla a eles! e dempois de nomear por rei un bo home, Hermerico, botaron man do arado como si estivesen na sua casa.

Os galegos no Norte, alá contra Lugo e Mondosiedo, d' San Isidoro que xogándolla ós románs que tíñan metidos na chouza e volvéndolle as costas ós suevos que lla querían coller de legoelro, proclamaron a república. Non eran parvos.

O pouco tempo as cousas levaron unha volta: cando Rechila rubéu ó trono de Suevia, d'impols da loita en Terra de Campos, onde saléu co-a súa, partéu a Galicia en tres quíñons: un, contra a banda de Iría, para os galegos vellos; e dúas para eles, os galegos novos. O que parte e ben reparte...

Por certo que a dita loita é merecente de sona. O que esquirbéu os Anales fala de que Rechila pódese chamar, con razón e dereito, o primeiro rei da Hespaña, pois, fora d'un ana-co cativo, tivoa toda na man.

Morréu Rechila, ¡Díol-o teña en descansol,

e puxeron por rei a Reclarlo, home de pelo en pelo que mandou a deralta dos exércitos truncantes contra de Atlla, nos Campos Cataláunicos.

A vitoria era cousa falta, pois pol-o que conta o bon bispo Iliacio, o ano derradeiro, a catro de Abril, que cadrou nun martes, dende que se meteu o sol até a hora tercia da noite veuse o Setentríon aceso, cor de sangue, c-unhas líñas craras a minelras de lanzas relocentes.

N-este tempo, os bispos, pol-a primeira vez, foron chamados a concilio, e alá foi Santo Toriblo, amontado n-unha mula, camiño de Caldas de Reis.

Hai que poñer n-este sitio que Reclarlo, criado na nosa relixión, pódese dectr que foi o primeiro rei católico do Ponente. Os francos quereng gardar esta honra para o seu Clodoveo: non é certo; a verdade no-é mais que unha.

Reclarlo espichou de mala morte: das feridas que apañou loitando contra de Teodorico a catro légoas, non se sabe ben para que vento, da cidad de Astorga. Iliacio, que non perde unha, conta que tamén houbera sinais no ceo: pol-a parte de Levante foran vistos dous soles que pelexaban un contra d-outro...

D-esta maneira vai falando a Historia; bota dempois un sonfio de corenta anos, e torna a erguerse de cote rexoubeira.

Teño de coller o fio no día que pechou os ollos o rei Mir, do que se dí, para ben, que foi gorrlosa e tranquilo.

O encerro de Mir debéu de ser cousa dina de verse: alí andaban revoltos os persoaxes do drama que se escomezou, Ebori, herdeiro da coroa; Sisegunda, a viuda; Andeca, o treidor, apalabrado de casamento c-unha das fillas do difuntíño; os nobres e guerrelros, xa en tratos segredos da revolta traicioneira; os santos bispos, chamados a sufrir destellos e prisións...

Foi un lóstrego. Andeca erguéuse en armas; esquecendo a-princesíña, casou con Sisegunda, que debía de ser unha boa labarca, e collendo prisioneiro a Ebori, despois de arrincarlle a coroa real fíxolle unha coroa de crego e metéuno n-un mosteiro.

D-este xeito finou o primeiro paso; o derradeiro rematou en traxedia.

Como un lobo famento n-unha corte de ovelas, Leovexildo o rei godo-castelán, ¡sempre os nosos dores víñeron por camiños de Castela c'elú sóbor de Galicia. Mal pai de fillos santos, herexe pol-as catro bandas, o rei lobián encadeou a Andeca, arrasou as vilas, prendéu lume as Igrexas, esforzou as virxes, represou os bispos, e, farto de sangue de nobres e villegos, roubou o tesouro real, os lenzos tecidos con fíos de prata, as arcas cheas de ouro, os panos rexios cubertos de pedraría, os vasos de estrana fermosura, vidos de terras lonxanas, as reliquias milagreiras gardadas en labrados copóns adornados de brillantes e xacintos, as xoias levíans e relocentes, como tecidas con rayolas de sol, gala das princesíñas de cabelos louros e ollíños azuados...

Esto fixo Leovexildo. ¡Inda él arda nos infernos!

Todo o dito vén a conto de que non estaría de mais que os reis da Hespaña souperan como o primeiro que con xusticia e verdade pudo chamarse d-esa maneira foi o galego Re-

chilla, e como o primeiro a quen lle cadra o de rei católico foi Reclarío. Por herdo d'este galeguíño poden os nosos reis botalle o pé diante a Clodoveo.

O do tesouro é lan d'outras carneiros, Coido que os galegos temos derelto abondo para pedll-o que é noso e recobrar o roubado, mais como por boas non tería de ser e meterse n-un preito non é cousa de cobiza, podemos faguer un trato: Nós, os netos das xentes de Suevia, calamos o conto; e Don Alfonso, en troques, bótanos d-enriba estes caciques abafadores, fillos do demo, recastados de porco bravo, mais lagartelos que seu abó, o lobicán de Leovexildo.

¿Compre?

R. CABANILLAS

Homenaxe a Pondal

UN ESTRENO

Como xa temos dito, orgalzarase un homenaxe a Pondal no teatro da Cruña para colleitar cartos c'o-ouxeto de facerlle un bó mausulelo áquel gorrioso bardo no cimiterio da Cruña.

Foi celebrado o homenaxe. Mais o resultado económico ficou en pouco. Quizais en nada. Non concurríu moita xente ó teatro. Inda que o programa estaba cheo de números. leutura de versos, discurso de Rey Soto, cantos d'Oiseón, monólogo e estreno d'unha comedia.

A comedia nomeábase "Estadefina". E unha peza en dous actos, escrita en galego pol-o señor Luís Freire. Os xornaes fixeron xa o relato do argumento. E ch'istoso e desenrolado con xeito habilidoso. E obra que facerá rir moito onde queira que se poña. Conta c'un volume mais o teatro galego.

UN BUSTO

Xa temos falado de Indalecio Díaz Valiño. E pois este rapaz que tanto promete, agora fixo un busto do vello bardo Pondal que constitúe tod'un xeito admirabile. A fatura valente, sen titubelos, a somellanza do retratado, a vida e o sentimento que na obra soubo poñer Indalecio Díaz Valiño, fannos pensar qu'este mocíño ha dar moitos días gorriosos a Galicia.

Indalecio, Asorey, Mirás e Pola, poden ser as columnas do rexurdimento escultórico da nosa Terra.

Para o bó amigo Indalecio, irmán d'outro notable artista do píncl, Camilo Díaz Valiño, a nosa embora mais sinxera e agarimosa.

BOA LEICIÓN

En Bilbao vai facerse un Congreso de Ciencias. O Goberno mandará un trasatlántico para que n'él s'instalen as personalidades que asistirán a'queas solenidades.

A Bilbao, a Oñate, com'a calquer pobo de Cataluña, os Gobernos e mail-os reis mandan tanto se lles pide.

¿Por qué? Porque all non son "hespañoleiristas" enantes que nada. Son primeiro vascos ou catalás, e logo, hespañoles condicionaes.

E aquí, primeiro hespañoles e logo galegos estravizados vountariamente a colonización de Castela.

¿Quer en unha bofetada mais oportuna os curules d'Estudos Galiegos?

Galicia e Portugal

DUAS POESÍAS

Aló pol-o mes do Nadal do ano pasado, publicou A NOSA TERRA unha poesía do seu distinto colaborador o notable poeta enxebre Avelino Rodríguez Elías, titulad a *O Miño*. Aquela composición caiu ben antr'os nosos irmans de Portugal, onde foi reproducida pol-o *Jornal de Noticias*, do Porto, *A Aurora de Lima*, de Viana do Castelo, e máis outros importantes xornaes.

E inda non parou ehí a cousa. O segredario d'Academia de Ciencias de Portugal, Sr. Oscar de Pratt, reprimou os versos do noso compañeiro con outros tan fermosos afirmando a tendencia d'aqueles; versos que mandou ao Instituto Histórico do Minho (Viana do Castelo) pra que fosen lidos (coma o fono) na sesión solene en que Rodríguez Elías foi recibido como Membro Efeutivo d'aquela ilustre Corporación.

Pra que se vexa a completa unanimidá de pensamento dos escritores d'eiquí e máis d'aló, tornamos a publicar a poesía de Rodríguez Elías, ao lado da de Oscar de Pratt.

O MIÑO

*Non non pode ser qu'o Miño,
nado en terra galician,
sopare do noso chan
o chan d'un povo veciño
e, máis que veciño, irmán.*

*Mais tampouco pode ser
qu'o río enxebre galego,
no seu infindo correr
pr'o mar onde vai morrer,
deixe o seu eterno rego.*

*Fai falla, si desexamos
co-irmán vivir de cotío
en xuntanza, que tendamos
por enriba d'ise río,
cantos máis pontes poidamos.*

*Mais non pontes de madeira
nin d'outra cousa groseira,
senon de brazos d'irmans,
que, d'unha a outra ribeira,
estreiten as suas mans.*

AVELINO RODRIGUEZ ELÍAS.

Vigo.

O MINHO

*Este río de agua clara,
que vai dereito ao Poente,
nao divide o solo ardente
dos dois povos que separa.*

*(Río que as várzeas louças
com vaos ódios nao macula!
Río que as márgens oscula
de duas terras irmas!)*

*Antes reúne e abraça,
num amplexo de luz,
terras que um sonho seduz
num mesmo sonho de raça.*

*—O' Minho dos gemeos ais,
tu sérás, a nosa espraça,
como a eterna aliança
dos mais lindos esposais!*

OSCAR DE PRATT.

Lisboa.

CONTOS DE CASTELAO

Gousas da vida

—O meu casamento é lle unha historia, señor. Algunhas veces, n'a casa, mífia muller e máis eu rimoros ben d'o conto... Aínda non facía un mes que o noso cura, que xa val alá n'o outro mundo, dérame unha repreñión por vivirmos Micaela e máis eu en pecado mortal. Boeno; eu xa era viudo ¿sabe? e non tífia nin migalla de ganas de voltar ó casolro, así é que lle dixen ó cura:— Repare, señor abade, no que sofríra a mífia difuntifia!...

O conto foi lle que unha noite, alá pol-o ano..... Boeno; non me lembro, pero aínda sua nai debía andar n'o colo. Pois aquela noite ollamos uns lóstregos que somente alumeaban o campanario d'a irexa. Eu non sei dicirle...

eran com'as follas d'unha tixeira que quixesen cortar algo n'o ceo. A xente pasmada. O mesmo don Ramón, o médico, que morreu cand'o cura, e que xa sabe vostede a sona que tífia... Boeno; pra compoñer hosos non lie habla outro; eu selno por mín ¿sabe? Pois o médico, c'os ollos arregalados non facía máis que dicir:—E un fenómeno, é un fenómeno...; pero ¡porral eu non sei que fenómeno é.

De súpeto unha muller empezou a carpir.

—¡Acábase o mundo! ¡Acábase o mundo!

Boeno; nunca tal díxera a cordanadifia d'a muller. Aímouse unha que... xa, xa: as mulleres a carpir e os homes a tremer. Uns restituían o roubado, outros pregaban perdón e devolvían o creto a quen llo quitaran. E todos, todos, quírian confesarse. O cura non daba abasto e confesábaos por xunto: declanlle os seus pecados berrando e o cura ausolblaos selto. Uns metían pan n'unha cesta e fuxían

car'o monte, outros quírfan morrer n'a irexa. Dígolle que n'aquela noite os mais malos eran os mellor arranzados pra subiren ó ceo.

Eu estaba aparvado, encorado, sen darlle a pé nin á má, cando apareceu cabo de mún a Micaela, toda desguedellada, e turrando por mún levoume diante d'o cura. Boeno; caemos os dous de xoellos, c'os ollos esbagueando:— Queremos salvar as nosas almas—dixemos—cásemos, señor abade.

E o cura casounos.

Boeno; se tardamos dez minutos aínda hoxe estou viudo; xúrollas por estas, que son de carne. Pois d'all a un pouco de recibírmos a bendición apareceu o dono d'a frábica de sardíña, c'un farol n'a má, berrando canto podía:—

—¡Non té medo ningún, qu'é luz eléctrica da escuadra ingresal! ¡Non té medo qu'é luz eléctrica!

E foi-lle así ¿sabe? como nos casamos, a Micaela e mais eu. Algunhas veces aínda nos refmos ven... outras veces, ¿vostede que quer? ¡cousas d'a vida bótolle canda maldición a luz eléctrica!

Tal como cho conto, leitor amigo, así m'ó contou a mún un marfilero de oitenta anos, odo é rrugado.

CASTELAO.

DO MESTRE VIQUEIRA

O nazionalismo xurdindo

Según os franceses mesmos, nunca se falara tanto nos derradeiros tempos as *linguas provinciais* (provenzal, catalán, bretón etcétera) como nos pasados anos da guerra última. Nas trincheiras as ordes dában-se moitas veces non en francés, senón en bretón ou vasco e nas linguas dos diversos países da Franza trocaban-se as sinais nas avanzadas onde declábase o porvir do mundo.

Cando po-las baixas misturaban-se elementos de regíóns diferentes, as características lingüísticas e raciais afirmában-se mais aínda e juntos un provenzal e bretón eran aínda mais enxebremente provenzal ou bretón. Resultado: Os soldados descubriron que baixo a Franza centralista e unitaria había unha Franza cen mil veces mellor varea viva. E hoje en Franza se dí: hai qu'fr ao federalismo! (Hai unha Liga regionalista presidida polo deputado Le Brun, "A mesma opinión sostén o profesor positivista da Sorbonne (Universidade de París): *Basch*.

A insinuancia será en Alsacia bilingüe (francés e alemán). O goberno veu de crear unha cátedra de provenzal na Universidade de Als de Provenza. Co'o tempo creáranse outras de catalán na de Montpellier, de vasco na de Burdeos. As linguas céltica insinúan-se ja na de Rennes. *Pénsa-se seriamentete en insinar na escola primaria en certos casos as linguas provinciais*. En Provenza já hai libros p'ra elo e profesores de Liceos (Institutos) teñen lido aos rapaces poetas de Mistral en provenzal, na clase de literatura. (Leen-se entre nos as de Rosalia?) Mistral foi o pai da teoría do insino bilingüe e hoje considera-se como representante da Franza futura; escribiu só en provenzal e a súa poesía considera-se en Franza o mellor do mellor.

Sen comentar-lo! Pra que digan que as Irmandades andamos atrasadas. O que morreu foi o regionalismo d'orfeón e ripios!

JOHAN VIQUEIRA CORTÓN.

Derradeiro consello do "Precursor"

O pasado desbotou en días amargos e coma verdadeiro fillo pródigo a fortuna da pátria: necesario false pol-o mesmo que, recollendo con má piadosa os restos da nosa vida tradicional gardándoos coma santa reliquia, ergamos sobre eles o edificio da rexeneración que s'inicia e agardan que levemos a bó termo cantos lonxe da terra natal non saben arredar d'ela nen a súa memoria nen as ansias imortaes de vel-a próspera e gloriosa.

Eles nol-o teñen dito: queren qu'escomencemos pol-o estudo da lingua que falamos fai mais de dez séculos. Fan ben: pobo qu'esquece a súa lingua, é pobo morto.

M. MURGUÍA.

Contiños de Benito Losada

O REPOLO

Sete cartos de pica
Por un cativo repolo,
Unha rapaza a Bartolo,
E él tres cartos l'ofreceu.
E díll'ela—"Val d'ahí, val,
Antes qu'os deños che mande:
Pra cho dar por un can grande,
Non me pareu miña nal..

A TOUPA

Chora é rechora Martiña
Na horta, cando repara
Que unha toupa lle crebara
Un repolo qu'ela tiña;
E, limpando as bágoas, díxo:
—¡Ah, nunca che me Dios déral
¡A tér ollos, qu'é fixera
Cando sen eles tal fixo?

NA FIGUEIRA

Autonte pol-a miñán,
A coller figos a eira
Foron Mariquiña e Xan.
Ela subeu's a figueira
E Xan deitou-se no chán,
Dixoll'ela—"Vouch'a dar
O millor, qu'ó estou collendo.
El sen os ollos virar,
Respondeulle:—"Estouno vendo;
Mais non lle podo chegar.

Unha triste baixa

Sentímonos abralados. Porque a nós chegou unha dorosa nova: a da morte, na Habana, do noso querido irmán Pedro V. Bethancourt.

Este rapaz, que non tiña senón vinte anos, que xa nas columnas de A NOSA TERRA escribira fermosos artigos e n'algunha velada da "Irmandade", erguera a súa voz sendo moí gabado, finóuse súpetamente, vítima d'unha traladora gripe.

¡Málla a morte que o matóul! Nós gardaremos no noso espírito unha lembranza inesquecente do culto, bó e simpático irmán na causa nazionalista a quen queríamos de xeito entrafiabre.

Selpa a familia do pobre Pedro que nos compartimos con ela a fonda door que a abrala.

CANDO ADEPRENDEREMOS

Verbas non, feitos

Molto se leva berrado e fislado inútilmente. Toda a forza das protestas galegas ven desfalcándose de cote en verbas grosas, en apóstrofes lostregueantes, en imprecazóns rotundas e barlles. Innumerables foron os labercos esnaquizados a golpes de retórica e d'elocuencia máltinesca. De xeito incansavel, sin solución de continuidade, veuse laborando oralmente polo derrumbamento dos múltiples feudos caciquíes que, como unha praga de maldición, háchanse espallados a elto pol-a patria galega. Y emporiso, a despetto do fogo graneado que, en todas as épocas, as baterías do anticaciquismo galego vífieron celbando encol dos asoballadores, istes seguiron e síguen aludando cumprimento ás eisxenzas da súa omnimoda vountade.

Todol-os berros e protestas foron desouvidos ate'o d'agora. A súa eficacia foi totalmente nula. E si n-algún momento a execución d'un capricho caciquil puido deterse, ista detenzón non tivo outra dura qu'a percisa pra faguer que se esvaise o eco do derradeiro foguete da oratoria protestante. A interrupción momentánea da execución do desexo respondía; indiscutiblemente a un sentimento de modestia, sentimento qu'obriga a facel-as cousas en silencio, sin alardeiros. Aquelo de "berrade que xa vos cansaredes", é con gran frecuencia tido en conta pol-os nosos modernos señores de forza e coltelo. A lemais ¿pra qué apurarse? Eles saben moí ben que pasada a arrancada do primeiro momento ninguén se lembra ó pouco tempo d'aquelo qu'a motivan. A táctica, pois, é ben sinxela. Todo consiste en non ter présa. Con pacenza e ocougo chégase moí lonxe...

Agora ben, tendo en conta isto, non esquecendo os exempros elocuentísimos qu'a realidade nos dona, calquera se decata de qu'o procedimento verbaleiro de protesta e algo que hai que desbotar por plenamente fracasado. Compréndese que tal procedimento sexa eficaz e decisivo n-un país de cidadans libres; n-unha patria integrada por homes e non por servos; n-unha patria na que a vida civil non sexa un mito cal ocorre atualmente na Galiza. Mais pertender que teña igual virtualidade dentro d'unha terra que consinte e tolera o felto vergoñosísimo e abafante d'ollárese repartida entre unos cantos señores que non son os millores nin moito menos, nin tampouco os mais numerosos, é realmente estúpido e absurdo.

Etquí, na Galiza, non pode preconizárese outro procedimento millor, nin que teña de donar millores resultados, qu'aquel procedimento eficazísimo e cal ningúna exemplar— lembremos qu'ó medo garda a viña—da acción inmediata. Todo o que non sexa obrar, atuar decisiva e rotundamente, será perdel-o tempo. Craro está que pr'ó emprego dos procedimentos espedívos qu'a acción eisixe, necesítase d'unha gran solidariedade entre todol-os que arelan de cote o trunfo da legalidade e da xusticia. D'ista solidariedade, d'ista xuntanza estreita sal o imperativo que determina a obrar. Por els, a decisión individual, tense d'atopare de cote fortalecida coa seguranza de aprobazón e o alento colectivos. Y-eisí, n-istas condizóns, solo n-istas condizóns, hai a posibilidade de chegar ó conculmento de trunfos decisivos.

Ista idea d'unha lga d'acción anticaciquil, que nas líñas anteriores vimos a esbozare, tería de sere algo facilmente fautibre sempre qu'as persoas honradas, calquera que fosen os seus ideaes políticos, souperan sentiren como cousa própia os asoballamentos e os escarnios qu'a

gavilla caciquil produce casi a coño en toda a patria galega. Mais iso non pode sere. Desvinculados, desnazonalizados como se hachan a inmensa maioría dos galegos, da terra qu'os formou, da patria, os aldraxes a ela feitos non repercuten, non poden resoare na súa alma como drentamente a eles inferidos. Solo os nazonalistas, donos n-ausoluto d'unha concenza nazonalizada, que nos fai sentir o excenxonal orgulo de sere nados n-esta terra pol-a qu'adequirimos a inconfundible personalidade de galegos, somos capaces de sentirnos como propias a mágoas e os dères patrios. Aos nazonalistas, pois, toca decidírense a autuar. Das nosas flas é donde unicamente poderán saíre os elementos que terán de pôr a aución como fin inmediato de todol-os seus autos. E perciso obrar, sin vacilazóns, sin dúbidas. E cando xa haxa resultados decisivos, entonces ollarase como o escarmento é algo facilmente abranquibre sempre e cando a forza d'unha protesta non haxa ficado reducida a unhas cantas verbas valeiras, mais ou menos retumbrantes.

Hal que decidirse a obrar sin acougo, implacablemente, de xeito rotundo e terminante. E mester qu'a aución sexa a norma das Irmandades nazonalistas. A guerra mansa e cobarde dos caciques hay que responder con unha guerra a morte, despiadada, cruel. E esta guerra non solo debe d'empredérese contra dos caciques sinón tamén contra dos numerosos lamecús qu'os ademiran e rodean.

Pra todos eles, pra unhos e outros un odio santo, unha fonda xenreira. Chegou xa o momento de donar remate a considetrazóns e a difrenzas. Quem non estexa con nos estará contra nós. Qu'os noso odio envolva a todos por igual, sin deixar de tere persente qu'ô sinalar debemos, sempre sinalar preferentemente aqueles que, por mais outo están sempre mais visibres.

RAMÓN VILLAR PONTE.

Inaugurazón do novo local da Irmandade

Exposición Imeldo Corral

Do quince ó vinte d'este mes hase inaugurar o novo local da "Irmandade da Fala", da Cruña, c'unha nova Exposición de cadros de Imeldo Corral.

A do ano pasado deixou unha inesquecente lembranza en cantos d'ela disfrutaron.

Pois a que agora vaise facere supera con moito a outra.

Setenta obras espufiera na primeira o inslne pintor ferrolán. Na d'agora persentará cento e trinta obras, entre painxeses e apuntes. Todas feitas en menos d'un ano.

Non coñecemos un pintor mais fecundo na nosa Terra nen en ningures.

Imeldo Corral que progresa cada día ten lenzes que son acertos definitivos.

Con esta Exposición o grande artista ficará consagrado.

O notabre escultor Xaquín L. Mirás tamén levará algúns traballos seus, novos e fermosos á Exposición de Imeldo Corral.

E o gabado rapaz Indalecio Díaz Vallño levará asimesmo, endeben, varias cousas suas.

NOU TURNIO

Zoa o vento n'ó pinal,
berra o mar embrevicado,
ladran os cans n'ó curral,
y-o meu curazón ferido
xeme tamén c'ó seu mal,
com'a un can adoecido.
A aldea está as escuras,
chela de malenconía;
n-a mifia y-alma as tristuras
xuntas loitan a porfia,
sin que miga de dozuras
haixa n'esta noite fría.
A néboa borrallantada
desfaise en cholva miuda,
n'amentras qu'esnaquizada
a mifia y-alma xa muda,
dormes'a probe cuitada
de pesar e sin axuda.

HERMINIA FARIÑA.

Valle de Salvés, Agosto 1919.

DÍCENOS NOGUEROL...

¡Qué pouco valen hoxe os cartos!

No ano 1849 mercábase nas feiras e n-os mercados d'a nosa terra os ouxetos qu'a continuación s'espresan pol-os seguintes precios:

	Reas	Maravidas
Un boy.	400	
Unha baca.	350	
Un porco cebado.	200	
Unha toura.	80	
Unha tafaela.	14	
Unha cabra.	20	
Un cabrito.	4	
Un año.	6	
Unha pita boa.	3	
Un par de capôs cebados.	10	
Un par de perdices.	5	
Un par de pichôs.	2	
Un par de coellos.	3	
Un par de polos.	2	
Un par de paspallás.	3	
Un bó cabalo.	2000	
Unha mula.	1500	
Un faco d'ó país.	300	
Unha burra.	160	
O cuartillo de leite de burra.	3	
O cuartillo de leite de baca.		12
A libra do queixo e da mantelga	1 1/2	
A libra d'a pescada.		16
A libra do congro.		24
Un besugo.		16
Unha libra de salmón.	4	
Un robalo regular.	4	
Unha libra d'anguillas.	1 1/2	
A ducla de sardiñas frescas.		16
A libra do pan de millo.		8
A libra do pan de centeo.		16
A libra de carne.	1	
O cuartillo de vifio.		8 a 24

Prégase a todol-os suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao ademenistrador pra facer a reclamación no correlo.

Prégase asimesmo a os que teñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

CARTA BETANCEIRA

ADIANTE

Cada ves son mais entusiasta da nosa causa; sintoa mais fondamente e teño mais confianza no conquerimento d'ela. Non quero descoñecer, emporiso, que abundan moito os indiferentes, que son os que mais mal nos fan; pero cò tempo irémolos rebaixando: constancia, firmeza e moito entusiasmo. Os pequenos detalles constituyen un todo importante. Val mais convencer a un rapaz que facer que comulgue con nosco un vello.

Eu vexo estender cada vez mais o noso credo. Denantes, cando se vía algunha cousa esquirta en galego causaba risa, hoxe non; hoxe vémosla causar o mesmo respecto que as que están en castelán, pero aínda despertan mais curiosidade.

Eu vexo sentir o galeguismo a moitos que aparentan sernos contrarios. Non fai moitas datas, o día 18, víñamos dos "Caneiros", e puíden apreciar ben estas causas. Detrás do noso bote, ao lonxe, sintímos cantigas galeguistas, agardamos por curiosidade, e vímos "enemigos", nosos falar coma galeguistas dos mais entusiastas. N'un bote, no que víñan moitos "pollos bien", un forasteiro cantou poéticamente a divindá do escelso paíxese; cantou en verbas elocuentes a muller gallega e a betanceira como prototipo da mesma. Ouvimos outro forasteiro que, coido que sin ser irmán da fala, espresou con grande entusiasmo, en galego, palabras de admiración, fixo resaltar o efecto sorprendente d'as augas melgas, nouturnas do Mandeo, e ouvimos, pol-o derradeiro, com'ó alcalde de Betanzos falou tamén en galego. Logo, postos en pe, cantaron todos o hino de Pondal.

Non son estes solos os casos de progreso na nosa causa; tódol-os días vexo mostras. algunhas pequenas, mais como dicía antes, os moitos poucos fan moitos. Foi tamén o día 16 con motivo da elevación do tradicional globo grande de San Roque; eu estaba distante do sitio en que estaban preparando a elevación d'iste globo colosal, a praza de Arles en que se leva a cabo esta operación estaba cha de xente, vino inchar, e cando se dispoñía a subir, sintín qu'ó público berraba: ¡Terra a Nosal! ¡Viva Galicia! e outras cousas mais. Ao ouvir isto non puíden conterme mais e fun correndo a ver o que pasaba: O globo iba pintado casi todo de caricaturas galegas con alegorías galeguistas. Ouservei, púxenme ledo: aquilo tampouco o fixeran irmans da fala. Pareceume sentir o pobo galego todo á unha: ¡Terra a Nosa! ¡Viva Galicia!

A nosa causa ten que irê progresando mol amodiño, porque reperesenta, tal como está hoxe o espírito cidadán—desdeixado e indiferente,—unha idea radical que n'a apatía non entra mais qde a forza de tempo e de constancia.

Temos un elemento contrario, que é maioría das mulleres das poboacións. "Brutos, no habléis gallego", díñlle aos seus fillos as que os teñen. E as mozas solteiras, eu non sei si é hipócritamente ou non, diñ que son antipáticos os que falan galego.

Todo isto, emporiso, ten pouca importancia; unhos díño por ignoranza, outros e outras por ilusión. Proba d'isto é que a maioría de cantas persoas falan d'iste xeito son flamenquistas... boeno... tamén no é cultura...

Tamén os touros son nosos enemigos, porque son enemigos da cordura. Os galeguistas temos que facer varias cousas, entre elas faquer que desaparezan as prazas de touros que hay en Galicia. Eu non poderei ver unha Galicia redimida que teña prazas de touros, porque

considero que a redención da nosa Terra é un auto razonable, culto e humanitario...

Pero todos estes inimigos que os son de si mesmos inconscientemente temos que debilitalos a forza de molta loita; temos que traballar sempre: en mítins, en conferencias, no arte, no teatro, en todo... sin acougo...

¡E qué grande obra par'a causa, fariamos con actos galeguistas adicados aos nenos.

Vountade e constancia, é nosa a vitoria.

O ABADE AIV.

Betanzos, 31 IX-19.

O CONCURSO DA IRMANDADE DE BETANZOS

Con pesos para a mellor obra teatral

Até o mes de San Martiño estará aberto o concurso de obras teatraes galegas da "Irmandade", de Betanzos.

O tema das obras é de libre elección dos concursantes. Poden ser comedias, dramas traxedias ou farsadas cómicas; en prosa ou en verso.

Premiaráse con cen pesos a mellor. E as que lle sigan en mérito terán tamén premios valiosos.

Se trata do certame máis importante que delca agora se ten organizado na nosa terra.

O Xurado que ha xugar as obras compoñerá persoas capacitadas e serias.

Son xa moitos os traballos que chegaron áquela simpática e entusiasta "Irmandade".

O DA FALA

Resposta a Xaimiño

O mesmo na súa revista que en todol-os boletis e xornaes onde teñen acollida os artigos de Xaimiño dende fai unha tempada (casualmente dende o derradeiro nombramento de académicos da Gallega, no que non houbo título para él) ven combatido a os nacionalistas, a fala gallega, a Real Academia e hasta ao venerable D. Manuel Murguía, para o que non hai en todol-os peitos nobres senón amor e agardimo; para o que hay admiración en todol-os grandes centros de cultura do mundo

enteiro, e para quen somente algús gallegos teñen escarnios.

Esto despois de intentar Xaimiño nas súas novelas a introdución, nada afortunada por certo, da fala gallega, pois a fala que él pon nos seus escritos é a adulteirada coa mestura do castelán que forzosamente ten que causar noxo.

¿Qué o idioma gallego está morto? ¿qué pesa os esforzos d'algús non se adianta no seu uso?

Dírelle a Xaimiño: Dende a fundación das Irmandades da Fala editanse varios periódicos escritos en gallego. Os libros publicados e vendidos tamén acusan afección a lectura e extensión da fala gallega. A biblioteca popular "¡Terra a Nosa!", fai unha tirada de 5.000 exemplares, e xa leva impresos 13 tomos de diversos autores; e hasta o Teatro Gallego, que no ano 1917 alcanzou somente cinco representacións fixo 15 no 1918, e no actual lévanse celebrados xa 32 funcións en varias cidades de Galicia.

¿Morre a fala gallega? ¿Durme?

Non, Xaimiño. Pesa os seus desexos de bon gallego a fala xenunamente nosa vai afincándose nos corazóns dos gallegos.

E non crea que o escribir e falar gallego nos rebaixa nin significa un sino de incultura, que por escribir en castelán nin ha de ter máis sonda o seu nome nin han de valer máis as súas obras.

LEANDRO CARRÉ

Na Cruña, Agosto de 1919.

Peneirando...

N'algús boletis da provincia de Lugo, temos lido cu'en Carral cando aló fora a "Irmandade da Fala, da Cruña a facerlles un homenaxe ós mártires da liberdade galega, s'abrirá unha suscripción para traguél-os seus restos ó cemeterio cruñés.

E certo. Aquela suscripción dou un total de dez pesos. Non se poido chegar a máis, por falla d'ambiente. Estan depositados n'un establecemento bancario.

E s'algún desexara a súa parte pode avisalo na "Irmandade, cruñesa.

O Consello Provincial d'Agricultura e gandería da Cruña, organizou—nunca tal fixeral— a VII Asambleta Agrícola Galega.

Tivo de gastos 576 95 pesetas que abonou co'as cuotas dos assembleistas.

E resultalle un déficit de 1 95 pesetas.

O Consello despois de decir que a Asambleta era cousa súa, pechándoa caciquilmente, resulta que non dá un carto.

Digo, ¡terá que dar 1 95 pesetas!

Pra que non s'arruine, propoñemos unha suscripción popular.

¿Stive a idea?

II II II

A Comisión provincial da Cruña, acordou restituirlle a Academia Galega a subvención de cen pesos anuaes que lle tñía suprimido para darlla ó "Instituto d'Estudios Galegos". Gracias a nosa campaña se corríxeu ese erro caciquil cometido por mor de Picorete, García e compañía.

II II II

Do subrime ó ridículo soilo vai un paso. E agora acaba de se probar na Cruña.

Nomeouse fillo adoutivo a Cueto. Cueto mereciao porque favoreceu a Cruña.


Mais o Sr. Goyanes ¿Quén é? ¿Un ciruxano eminentemente nado en Monforte? Boeno. Un home hábil co bisturí. Pero que non escribiu nada. Que nada especial fixo pol-a Cruña nen por Galicia.

E por si esto fose pouco, fíxose aínda outro fillo adoptivo: Carracido.

Ridículo, ridículo e provinciano...

Tipográfica Obrera.—Socorro, 3

MATERIAES DE CONSTRUCCION
Cemento Asland
Madeiras -- Carbón
CENTRO XENERAL DE SEGUROS
IGNACIO PEDREGAL
NA CRUÑA



Compañía Chargeurs Reunis

Pra os portos de Bahía, Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires, sairá da Cruña sobor do 15 do Setembro o vapor correo lixeiro

CEYLAN

Admite pasaxeiros de 1.^a e 2.^a crase e 2.^a económica.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 369 60.

" medio boleto " " 189 60.

Nenos máis novos de dous anos, un gratis por familia.

De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTA INTRESANTE.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas pol-os seus maridos, non poden embarcaren pra BOS AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS AIRES, permitiéndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autorizacions, nin poderes dados ante os Cónsules hespañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non valen acompañados da súa familia.

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespaña,

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2 — A CRUNA.

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

XUAN VAZQUEZ PEREIRO

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rúa estreita de San Andrés. — A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? Porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós milliores produtos i-a limpeza mais exquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESVO



Grandes Talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Sucursales en:

- Astorga.—Pío Gullón, 16.
- Betanzos.—Fillos de A. Muñoz.
- Ferrol.—Real, 91 e Sagasta, 142.
- Jubia.—Alfredo del Río.
- León.—Fernando Merino, 19.
- Lugo.—Reina, 7.
- Monforte.—Cardenal, 43.
- Ourense.—Paz, 8.
- Palencia.—Barrio y Mier, 4.
- Pontevedra.—Real, 9.
- Santiago.—Rúa do Villar, 49.
- Vigo.—Circo, 5.

Todal-as nosas sucursales ostentan un letreiro como sinal, qu'é reprodución da marca de garantía eiquí estampada.

Si no lugar onde vostede mora non temos Sucursal, sírvase manifestárenos os seus desexos d'enviarnos os seus encargos: ós nosos Despachos Centraes Cantón Pequeno, 12—A Cruña.—Praza da Constitución, 12—Vigo.

Faise cárrago de todas cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Telef. 434

Os viños e coñas millores

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sosa é o ZINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros elsportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCRUVIDO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa


Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

Lloyd Real Holandés

Amsterdam

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios



GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saídas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, intermedia e 3.ª clás.

Pra informes respeito a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó

Axente xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO.

FRÁBICA MECÁNICA

:-: DE CALZADO :-:

- DE -

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28
O MELLOR SERVIDO

- DE -

M. Losada Prado
A CRUÑA

LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A millor da Cruña

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

A FARTANZA

DE

CRISTINO P. REY

PROGRESO, 40—A CRUÑA

Irmáns: os millores viños que bebedes na Cruña son os que vende esta casa. Quen os proba un vez xa non cata outros. Tamén vende os millores choizos e xamóns de Lugo e toda crás de licores.

Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés ROUCH

Rexenerador ROSTAM pra os animaes debles, pra que as galifias poñan mais hovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.^a—A CRUÑA

Fábrica de Xergons

e catres metálicos

ORZAN 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO
O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL, merece ser visitado

Farmacia Europea

- DE -

López Abente

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego ós derradeiros adiantos.

EFFECTOS NAVALES

DE

FERRER Y COMPAÑÍA—SUCESORES

F. BERTRAN e MIRAMBELL

VIGO e A CRUÑA

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu deselo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBEIRIA

- DE -

RAMOSE ACEA

San Andrés 94, 1.º—A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos hixiénicos. Especialidade en lavábos de cabeza, lociós e friciós de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopará o público un servico permanente a cárego dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña

Na derradeira quincena de Agosto aproisimadamente e salvo continxencias, sairá para a Habana e Veracruz o rápido paquete correo


VENEZIA

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consinatario



Prezos do pasaxe (incruído-os impostos)

	Habana	Veracruz
Ponte paseo:		
Camarotes de luxo.	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. exteriores.	> 1.668'75	1.753'75
Primeira crase		
Ponte superior:		
Camarotes exteriores.	> 1.498'75	1.593'75
Id. interiores.	> 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior.	> 1.293'75	1.378'75
Segunda crase.	> 1.103'75	1.088'75
Preferencia.	> 808'60	798'60
TERCEIRA CRASE.	> 328'60	343'60

DON NICANDRO FARIÑA

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo